

Declaración institucional

Perante as afirmacións contidas nunha resolución xudicial do Xulgado de Primeira instancia de Marbella, na que se denomina *Galicia profunda* unha vila galega e se atribúen limitacións á felicidade e ao desenvolvemento integral dunha persoa por vivir nela, o Parlamento de Galicia manifesta as seguintes consideracións:

Primeira. Non corresponde a esta Cámara pronunciarse sobre o fondo da cuestión, que, en todo caso, debe priorizar o interese superior do menor.

Segunda. Manifestamos o noso máis profundo rexeitamento á utilización da expresión *Galicia profunda* cara a calquera aldea, parroquia, vila, comarca ou cidade galegas. Este cualificativo implica unha valoración pexorativa e inxustificadamente negativa do país, que resulta inadmisíbel en calquera contexto, máis aínda nunha resolución xudicial.

Terceira. Afirmacións desta índole amosan un profundo descoñecemento da realidade de Galicia e do pobo galego e evidencian enormes prexuízos e estereotipos que nada teñen que ver con este país, no que concorren todas as condicións para un pleno e integral desenvolvemento das persoas. Resulta sorprendente e rexeitable que estes estereotipos aínda atopen eco, como ocorre neste caso.

Cuarta. Calquera aldea, vila ou cidade galegas son aptas para o desenvolvemento dunha nena ou un neno. Por esta razón, as forzas políticas con representación no Parlamento de Galicia queremos reafirmar o noso orgullo como galegas e galegos e así o expresamos con esta declaración institucional, que é, tamén, un acto de dignidade colectiva.

Santiago de Compostela, 26 de outubro de 2021